

# Suite



## **POLÍTICA DE USO DE CONTAS G SUITE PARA CENTROS EDUCATIVOS**

**CURSO 2020 -2021**

**C.P.R. PLURILINGÜE  
VILA DOARENTEIRO**



## ÍNDICE

[DESCRIPCIÓN DO SERVICIO ..... PAG. 3](#)

[CONDICIÓN DEL SERVICIO ..... PAG. 5](#)

CONDICIÓN XERAIS

CONDICIÓN CONTAS DO ALUMNADO

CLÁUSULA XERAL

[PRIVACIDADE, SEGURIDADE E TRATAMENTO DE DATOS..... PAG. 7](#)

## DESCRIPCIÓN DOSERVICIO

As contas de G Suite para Centros Educativos son proporcionadas co obxecto de apoiar as funcións de comunicación de todo o persoal docente e do alumnado no **C.P.R. Plurilingüe Vila do Arenteiro** conforme ao acordo establecido con Google ao activar o dominio en G Suite para Educación, que é un conxunto de solucións de software que Google ofrece gratuitamente aos centros educativos baixo o modelo de computación na nube (Aplicacións como Servizo).

O acceso a estes recursos está condicionado á aceptación da Política de Uso por parte do usuario, no caso dos alumnos maiores de 14 anos, ou da familia, se é menor de 14 anos, ao que se lle proporcione unha conta.

A diferenza das contas que ofrece Google, os servizos baixo o dominio do centro educativo (**viladoarenteiro.net**) son servizos administrados polo **C.P.R. Plurilingüe Vila do Arenteiro**.

As contas institucionais atópanse baixo a plataforma dotada por G Suite, que inclúe os seguintes **Servizos Principais**:

- ✓ **Gmail** é un servizo web de correo grazas ao cal as organizacións poden utilizar o seu sistema de correo electrónico mediante os sistemas de Google. Permite acceder á bandexa de entrada dos Usuarios Finais desde unha navegador web compatible e ler, redactar, reenviar e buscar correos, ademais de responder as mensaxes e organizalos por etiquetas. Este servizo conta con filtros contra spam e virus, e os Administradores poden crear regras para xestionar as mensaxes con arquivos adxuntos ou un contido específico, e para enrutar mensaxes a outros servidores de correo. As regras pódense configurar por grupo ou por Cliente (todos os dominios).
- ✓ **Google Calendar** é un servizo baseado na Web para administrar calendarios persoais, de empresa ou organización e de equipo. Ofrece unha interface para que os Usuarios Finais poidan ver os seus calendarios, programar reunións con outros Usuarios Finais, consultar a dispoñibilidade doutros Usuarios Finais, e reservar salas e recursos.
- ✓ **Contactos de Google** é un servizo web que permite aos Usuarios Finais importar, almacenar e ver a información dos contactos, así como crear grupos de contactos persoais para poder comunicarse con moitas persoas cun só correo electrónico.
- ✓ **Documentos de Google, Follas de Cálculo de Google, Presentacións de Google e Formularios de Google** son servizos web que permiten aos Usuarios Finais crear, editar, compartir, colaborar, debuxar, inserir contido e exportar

documentos, follas de cálculo, presentacións e formularios.

- ✓ **Google Drive** proporciona ferramentas baseadas na Web que permiten aos Usuarios Finais almacenar, transferir e compartir arquivos, así como ver vídeos.
- ✓ **Grupos de Google** é un servizo web que permite aos Usuarios Finais e os propietarios de sitios web crear e xestionar grupos colaborativos. Os Usuarios Finais poden manter conversacións por correo electrónico e compartir documentos, calendarios, sitios web e cartafoles cos membros dun grupo, así como acceder ao arquivo das conversacións do grupo e realizar procuras nel.
- ✓ **Hangouts de Google** é un servizo web que permiten a comunicación en tempo real entre usuarios finais. Hangouts de Google permite manter conversacións de grupo e entre dúas persoas mediante mensaxes de chat, chamadas de voz e videochamadas sinxelas.
- ✓ **Google Jamboard** é un servizo web que permite aos Usuarios Finais crear, editar, compartir, colaborar, debuxar, exportar e inserir contido nun documento.
- ✓ **Google Keep** é un servizo web que permite aos Usuarios Finais crear, modificar e compartir notas, listas e debuxos, así como colaborar na súa elaboración.
- ✓ **Google Sites** permite aos Usuarios Finais crear sitios web no dominio de G Suite Basic para que se compartan ou publiquen. Un Usuario Final pode crear un sitio web mediante unha ferramenta web e, a continuación, compartilo cun grupo de Usuarios Finais ou ben publicalo para o resto da comunidade educativa.
- ✓ **Tareas de Google** é un servizo web co que os usuarios finais poden crear, editar e xestionar tarefas.
- ✓ **Google Vault** é un servizo web que proporciona funcións de procura e exportación en Google Drive e Gmail.
- ✓ **Classroom** é un servizo web que permite aos Usuarios Finais crear e xestionar grupos de colaboración. Con Classroom, os estudantes poden ver asignacións, enviar tarefas e recibir notas dos profesores.
- ✓ Sincronización de Chrome é unha función que permite aos Usuarios Finais sincronizar marcadores, historial, contrasinais e outras configuracións en todos os dispositivos se iniciaron sesión en Chrome.
- ✓ As funcións administrativas permiten aos Administradores de G Suite crear e xestionar usuarios e dispositivos no dominio, así como a configuración dos servizos de Google.
- ✓ As funcións de procura e de intelixencia melloran a procura e a recuperación de contido en todos os servizos, xa que permiten buscar contido nos distintos produtos e clasificalo automaticamente para que se utilice nos servizos

activos.

O conxunto de aplicacións principais de G Suite descríbese en:  
<http://www.google.com/enterprise/apps/education/products.html>

O acceso ás contas de G Suite institucionais realízase de forma unificada en:  
<https://accounts.google.com>

## CONDICIÓNS DEL SERVICIO

### CONDICIÓNS XENERALES

1. As contas G Suite do **C.P.R. Plurilingüe Vila do Arenteiro** constitúen un servizo que o centro proporciona ao persoal docente e persoal de administración e servizos que traballan nel, e ao alumnado que cursa os seus ensinos regrados no mesmo.
2. As contas G Suite do **C.P.R. Plurilingüe Vila do Arenteiro** serán creadas e utilizadas de acordo coas condicións establecidas no acordo suscrito entre o **C.P.R. Plurilingüe Vila do Arenteiro** e Google. Os termos do acordo xenérico "G Suite" poden consultarse no sitio web de G Suite, na dirección:  
[http://www.google.com/apps/intl/es/terms/education\\_terms.html](http://www.google.com/apps/intl/es/terms/education_terms.html)
3. As contas G Suite do **C.P.R. Plurilingüe Vila do Arenteiro** só poderán ser utilizadas polo centro, docentes e persoal de administración e servizos que traballan nel, e o alumnado que cursa os seus ensinos regrados, en tarefas relacionadas coa súa actividade educativa.
4. A publicación e distribución de calquera tipo de contido mediante os servizos e aplicacións vinculados ás contas G Suite do **C.P.R. Plurilingüe Vila do Arenteiro** deberá realizarse de acordo coa lexislación vixente sobre protección de datos de carácter persoal.
5. Queda estritamente prohibido o uso das contas G Suite do **C.P.R. Plurilingüe Vila do Arenteiro**, e de todos os servizos e aplicacións vinculados a elas, para actividades comerciais ou publicitarias.
6. As contas G Suite do **C.P.R. Plurilingüe Vila do Arenteiro** serán, salvo excepcións, nominais, e responderán sempre a unha persoa física, podendo xestionarse "Alias" para asignar outras direccións por cargo ou grupo de persoas.
7. Os usuarios ou representantes legais son responsables de todas as actividades realizadas coas súas contas de acceso e a súa caixa de correos asociada ao **C.P.R. Plurilingüe Vila do Arenteiro**.
8. É unha falta grave facilitar e ofrecer acceso á propia conta a persoas non

autorizadas; a conta é persoal e intransferible.

9. É responsabilidade de cada usuario procurar salvagárdala dos datos contidos nas aplicacións de G Suite facendo uso periódico da aplicación **Google Vault**.
10. O **C.P.R. Plurilingüe Vila do Arenteiro** poderá crear contas para a administración de backups (copias de seguridade), así como habilitar LDAP e Single Sign On para a autenticación con servizos de terceiros.

### CONDICIONES DE LAS CUENTAS DEL ALUMNADO

1. O centro educativo **C.P.R. Plurilingüe Vila do Arenteiro** poderá dar de alta contas para os seus alumnos, para o que deberá seguir o procedemento que no seu momento determínese.
2. O uso das contas por parte do alumnado require manifestar a conformidade coa Política de Uso de Contas G Suite do **C.P.R. Plurilingüe Vila do Arenteiro** por parte do alumnado de 14 anos en diante e por parte dos pais ou responsables legais do alumno se é menor de 14 anos.
3. Cada alumno só poderá ter unha única conta **G Suite** do **C.P.R. Plurilingüe Vila do Arenteiro** e o seu uso é exclusivo para o ámbito escolar e educativo.
4. Cando un alumno deixe de estar matriculado no centro **C.P.R. Plurilingüe Vila do Arenteiro** procederase a suspender e/ou eliminar a súa conta.
5. O uso da conta deberá respectar en todo momento as normas de convivencia do centro e o seu incumprimento pode comportar a limitación de acceso á mesma (ademais da correspondente medida correctora).
6. O **C.P.R. Plurilingüe Vila do Arenteiro** resérvase o dereito para condicionar o despregamento das aplicacións segundo criterios pedagóxicos e de idade do alumnado.
7. No caso de que haxa indicios de que a conta asignada a un alumno estea involucrada en casos graves de disciplina ou mala conduta poderá ser intervida, suspendida e/ou supervisada pola Dirección do Centro.

### CLÁUSULA XERAL

No caso de que se advirta un incumprimento das condicións ditas anteriormente sobre prestación do servizo, o Centro se reserva a potestade de desactivar ou dar de baixa calquera conta de **G Suite** do **C.P.R. Plurilingüe Vila do Arenteiro**, mesmo sen aviso previo/previo aviso.

## PRIVACIDADE, SEGURIDADE E TRATAMENTO DE DATOS

G Suite posúe desde maio 2012, a **certificación ISO 27001**, ademais da xa existente SSAE 16/ SAE 3402 e o certificado FISMA de G Suite para Gobernos. Ademais Google foi a primeira empresa en adoptar o primeiro estándar global de privacidade para **Cloud computing ISO/ IEC 27018**.

Google ofrece unha Emenda para o Procesamento de Datos e as Cláusulas do Contrato Modelo como un método adicional de seguridade e protección de datos que permite cumprir os requisitos de idoneidade e seguridade da **Directiva de Protección de Datos** do Parlamento Europeo e do Consello da Unión Europea.

Google cumpre co novo **Regulamento Xeral de Protección de datos da UE** do 27 de abril de 2016, que COMEZOU a aplicarse en maio de 2018.